

ACTA

Da sesión **extraordinaria urxente**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

3 de xullo de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día tres de xullo de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señor@s deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste Don Uxío Benítez Fernández (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.



Sra. Presidenta.- Moi bo día a todas e a todos. Iniciamos este Pleno extraordinario urxente de 3 de xullo de 2023.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8014.- **PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SÚA CONVOCATORIA**

Sra. Presidenta.- No primeiro punto da orde do día. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da súa convocatoria. Se non hai observacións o someto a votación. ¿Votos a favor da urxencia da convocatoria? Queda aprobado por unanimidade.

2.8015.- **APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ANTERIOR SESIÓN, EXTRAORDINARIA URXENTE, DO 23 DE XUÑO DE 2023**

Sra. Presidenta.- No punto 2. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión extraordinaria e urxente do 23 de xuño de 2023. Se non hai observacións tamén a someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade. Non habendo máis asuntos levántase a sesión.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria urxente de 23 de xuño de 2023.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

